

Materia que entra no exame de recuperación:

Entra o **Tema 4** na súa totalidade e os catro primeiros apartados do Tema 5 (ata a páxina 99).

- **TEMA 4. OS MOVEMENTOS DE POBOACIÓN** – No exame haberá unha pregunta con definicións. Prestade especial atención a algunhas das definicións que traballamos en aulas: **migracións, inmigración, emigración, migrante, multiculturalidade**, integración ou éxodo rural. – Debedes saber as causas e as consecuencias das migracións e tamén saber explicar cada unha delas. – Prestade atención á historia dos fluxos migratorios mundiais, no pasado e no presente. Tamén ás migracións en Europa e a emigración e inmigración en España. (fases, orixe, destino, causas e consecuencias). Lembrade os esquemas que fixemos en aulas e que tendes no dossier. – Se estudades polos resumos que están na aula virtual e os cadernos de actividades chegaría. En calquera caso, o libro sempre é un apoio importante.
- **TEMA 5. O SECTOR PRIMARIO** – Prestade atención a conceptos como (**sector primario, secaño, regadío, monocultivo, policultivo, intensivo, extensivo** etc) – Lembrade as actividades que comprende o sector primario: a agricultura, a gandería, a pesca e o aproveitamento forestal. – É importante saber as diferenzas entre o sector primario nos países desenvolvidos e menos desenvolvidos (p.92). Tamén é importante saber as diferenzas entre os sistemas agrarios tradicionais e os de mercado (p.99). – Lede con atención os factores que inflúen nas actividades agrarias, xa que haberá unha pregunta de verdadeiro e falso parecida ao do dossier. – É importante que saibades distinguir as diferenzas entre o espazo rural, agrario e agrícola. – Pode sair unha fotografía onde teredes que sinalar e xustificar se estamos ante un poboamento concentrado, intercalado ou disperso. – Así mesmo é probable que haxa unha pregunta como a do exercicio 41 da páxina 108 onde teñades que observar unha paisaxe e sinalar os seguintes apartados: tamaño, forma, límites, uso, secaño ou regadío, monocultivo ou policultivo, intensivo ou extensivo.
- Dos sistemas agrarios tradicionais e evolucionados deberedes saber distinguilos mediante fotografías e as características que traballamos no dossier de actividades. – Deberedes saber explicar en que consiste a agricultura ecolóxica. – Na gandería deberedes saber distinguir entre os sistemas ganderios tradicionais e os evolucionados. – Na pesca é importante os sistemas de pesca segundo os seus desprazamentos e nivel tecnolóxico.
- **TEMA 6. O SECTOR SECUNDARIO: Entran os catro primeiros apartados do Tema 6:**
 - Os diferentes tipos de industria.
 - Diferenza entre economía circular e economía lineal
 - A evolución da actividade industrial. Fases desa evolución. Lembrade o esquema realizado en aulas.
 - Que é a Industria 4.0 e que tecnoloxías engloba.
 - Factores de localización industrial.